

**«TODAS LAS ANTIGÜEDADES
DE ESPAÑA DUERMEN AÚN
EN LOS ARCHIVOS». UNHA
ACHEGA AO ELEMENTO
ANTICUARIO NO PADRE
SARMIENTO**

Xosé Antonio López Silva

DOI: 10.17075/eiems.2024.004

*Indeed, history, so it has been contended,
needs to be as convincing as fiction.*

Sir Ronald Syme¹

Os contidos histórico-anticuarios conforman un ámbito relevante e funcional no conxunto da obra de Martín Sarmiento (1695-1772). A diferenza doutros intereses seus, como os matemáticos ou os botánicos, nos que el mesmo estableceu puntos de inflexión vitais como a viaxe a Galicia de 1745 para a súa dedicación á historia natural, a temática anticuaria, en cambio, eríxese como unha constante de traballo para o noso autor ao longo da súa vida². Con todo, o anticuarismo no contexto hispánico do século XVIII ofrece desenvolvementos e características peculiares que esixen partir duns presupostos rigorosos respecto da súa definición. Entendemos por *anticuario* a definición clásica pero lixeiramente esquiva ofrecida por Arnaldo Momigliano en 1950³:

I assume that to many of us the word *antiquary* suggests the notion of a student of the past who is not quite a historian because: (1) historians write in a chronological order; antiquaries write in a systematic order: (2) historians produce those facts which serve to illustrate or explain a certain situation; antiquaries collect all the items that are connected with a certain subject, whether they help to solve a problem or not. The subject-matter contributes to the distinction between historians and antiquaries only in so far as certain subjects (such as political institutions, religion, private life) have traditionally been considered more suitable for systematic description than for a chrono-logical account. When a man writes in chronological order, but without explaining the facts, we call him a chronicler; when a man collects all the facts available

¹ Syme 1991: 180.

² No seu *Catálogo de los pliegos*, anota Sarmiento baixo a data de 1745: «[L]levé conmigo un libro en 4º y en blanco para ir escribiendo en él mi Diario, y todos mis Viajes. Apunté todos los vegetales que veía, con sus nombres gallegos de frutos y frutas. Todos los pescados, conchas y mariscos. Todas las aves y animales. También me fecundé de muchas voces gallegas vulgares y el Diario ocupó 20 pliegos. [...] con esta ocasión me aficioné infinito a la historia natural, a la Botánica y a la lengua gallega, y a averiguar el origen y etimología de cada voz gallega» (en Filgueira Valverde 1994: 128). Cf. Mariño Paz 2004: 390.

³ Para unha crítica deste artigo, *vid.* Herklotz 2007. Débese ter en conta a reelaboración das ideas iniciais de 1950, en particular en Momigliano 1984. Cf. Cornell 1995.

to him but does not order them systematically, we set him aside as muddle-headed. (Momigliano 1950: 286-287)

Momigliano considera o labor do anticuario oposto ao do historiador, tanto nos seus obxectivos como nos seus métodos de traballo, xa que se dedica a unha «systematic collection of relics from the past» (Momigliano 1950: 285, n. 1.), con dúas finalidades claras: estudar as pezas para facer unha análise interpretativa e contextualizadora delas e, asemade, levar a cabo unha reconstrución material do pasado, aspecto que foi especialmente relevante durante o humanismo⁴. Como apunta José Remesal Rodríguez:

[L]a noción de anticuario como amante recogedor y estudioso de tradiciones y restos antiguos (sin ser, en cambio, un historiador) es uno de los conceptos más típicos del Humanismo y los anticuarios del siglo xv recompusieron la cronología, la topografía, la religión o el derecho romano. Pero no se denominaron a sí mismos historiadores, porque para ellos la historia romana ya estaba escrita por los propios historiadores romanos. (Remesal Rodríguez / Aguilera / Pons 2000: 13)

A primeira vista, Sarmiento parece encaixar axeitadamente na definición de Momigliano. Semella, así, un anticuario de estilo humanístico máis que un historiador, xa que en moitas das súas obras fai uso dun conxunto variado de coñecementos para estudar de xeito crítico materiais do pasado. Con todo, este estudo adoita estar vencellado de xeito directo coa análise historiográfica para proporcionarlle esta información primaria e, en xeral, servir de xeito máis ou menos amplo a unha revisión dos datos historiográficos tradicionais⁵. Do mesmo xeito, os enfoques «anticuarios» de Sarmiento aparecerán formando parte de metatextos en que realiza diversas reflexións sobre instrumentos anticuarios ou sobre a historiografía como disciplina e a súa necesidade institucional e pedagóxica⁶.

Por iso, ante a tradicional e moitas veces aparente dicotomía entre o anticuario e o historiador, inclinámonos aquí por apoiar un certo eclecticismo respecto deste

⁴ Mazzocco 2015: 121-125. Cf. Así mesmo, Momigliano 1950: 296 e ss.; 1984: 18 e ss. Do mesmo xeito, estes puntos de vista débense complementar con Enenkel / Ottenheim 2019.

⁵ Pereira 2002: 143 e ss.

⁶ Santos Puerto 2002b: 51 e ss.

ámbito de traballo do Padre Sarmiento. Polo xeral, só desde un punto de vista conxunto histórico-anticuario podemos comprender os desenvolvementos do pensamento do noso autor arredor destes contidos. Ademais, a relevancia do pensamento historiográfico en Sarmiento, habitualmente destacado como elemento clave para a nosa comprensión da evolución intelectual do beneditino, cobra máis sentido se integramos as características do anticuarismo dentro do marco xeral dos estudos sobre a historia que el realiza ao longo da súa vida⁷.

Outros elementos apoian unha consideración ampla do anticuarismo, non só como elemento fornecedor de fontes primarias e datos, senón tamén polo feito de que Sarmiento está inmerso nunha tradición historiográfica que en España primou o uso do termo «antigüedades». No mundo clásico, dentro do discurso historiográfico tradicional, tiña cabida o subxénero coñecido en grego como Ἀρχαιολογία, traducido ao latín como *antiquitates*, que facía referencia a obras de temática histórica, normalmente referidas á historia dun territorio ou dunha localidade cun tratamento *ex origine*. Así podemos velo en autores como Dionisio de Halicarnaso ou Flavio Xosefo⁸.

O termo *Antiquitates* vinculado a este relato histórico desde as orixes cobra especial relevancia no ámbito hispánico coa *Muestra de las Antigüedades de España* (1498) de Elio Antonio de Nebrija⁹. A pesar de tratarse máis ben duns apuntamentos de tipo indiciario para o desenvolvemento dunha obra historiográfica maior, en cinco libros, o certo é que ese cuasifolleto marcou un fito na historiografía humanística peninsular, como tamén o fixo a falsa obra de Annio de Viterbo *De primis temporibus et quatuor ac viginti regibus Hispaniae et ejus antiquitate*, engadida a algunhas edicións da súa obra magna, *Commentaria super opera auctorum*

⁷ Cf. Filgueira Valverde 1974.

⁸ Cf. Fromentin 2002; Verdín 1974. É problemático o caso das *Antiquitates* de Varrón, non conservadas e que, dado o carácter erudito e enciclopedista deste autor, adoitan asociarse de maneira tradicional coa noción de *antigüedades* tal e como é descrita por Momigliano, quen considera este autor antecedente directo da obra anticuaria da Segunda Sofística, a Antigüidade Tardía e o humanismo.

⁹ Burgos: Fadrigue de Basilea, c. 1498. Con anterioridade á obra de Nebrija, o humanista e cronista real Alonso de Palencia escribiu, segundo a súa propia pluma, unhas *Antiquitates Hispanae gentis libri X*. Vid. Tate 1989. Consérvase así mesmo un caderno manuscrito desta obra: *Muestra de las antigüedades de España; Muestra dela istoria que Maestro de lebrixa dio ala Reina nuestra señora* (Biblioteca General de la Universidad de Salamanca, ms. I 190, 1490). Edición actual en Bonmatí / Álvarez 1992: 79-105.

diversorum de antiquitatibus loquentium, publicada en Roma tamén en 1498¹⁰. Nebrija é de especial importancia na historiografía humanística porque marca un punto canónico para cronistas reais posteriores como Juan de Rihuela e a súa *Coronyca de las antigüedades despanna dirijida al muy alto, catholico e por esso muy poderoso e ynvictissimo emperador don Carlos*¹¹, que engadiu novos falsarios historiográficos como supostas fontes, en particular os ficticios cronicóns de Dextro e Máximo¹². Tamén son nomes salientables ao respecto cronistas como Lorenzo de Padilla, co seu *El libro primero de las Antigüedades de España*, inédito ata 1699¹³, ou Esteban de Garibay e as súas *Antigüedades de España*. A denominación callou para aludir a unha historia narrativa referida a un territorio determinado desde os tempos máis remotos, e axiña apareceron traballos titulados *Antigüedades* que glosaban a historia de vilas e comarcas desde os tempos máis remotos, seguindo o uso local. Así pode constatarase en títulos tan variados como *Varias Antigüedades de España, África y otras provincias* (Amberes, Tip. Gerardi Wolsschattii, 1614); *Papeles varios sobre los indios incas huarochiris y otras antigüedades del Perú*, de Cristóbal de Molina (1613)¹⁴; *Historia de las Antigüedades de Málaga*, de Pedro Morejón (c. 1601), ou a obra de Luis Alfonso de Carvallo *Antigüedades de Asturias* (Madrid, Por Julián de Paredes, 1695)¹⁵, por poñer só uns poucos exemplos.

Os usos profesionais mencionados por Momigliano, con todo, aparecen de xeito relevante nunha obra clave do humanismo do século XVI: *Antigüedades de las ciudades de España* (1577), do cronista real Ambrosio de Morales, tratado que enlaza en boa medida coas obras humanísticas corográficas de Biondo en diante, pero en particular coas *Antiquitates urbis* (1527) de Andrea Fulvio. Cómpre lembrar que con anterioridade a estas *Antigüedades*, Ambrosio de Morales escribira tamén un tratado

¹⁰ Colofón: «Roma, in Campo Flore Anno Dni. M.CCCCXCVIII. Die III mensis Augusti. Impresa per Eucharium Silver alias Franck. Sedente Sanctissimo in Xpo. patre et dno. d. Alexandro Papa VI, anno eius sexto». Sobre a figura de Annio de Viterbo é imprescindible Caballero López 2002. Cf., no plano europeo, John 1994: 30 e ss.

¹¹ Godoy Alcántara 1868: 19, 15n.

¹² Sobre Rihuela e autores vencellados ao subxénero das antigüidades, *vid.* Beth Olds 2015: 106 e ss.

¹³ Cirot 1914: 405-447. Para unha visión xeral máis moderna, *vid.* Saracino 2019. Cf. Tate 1954.

¹⁴ Biblioteca Nacional de España (BNE), mss. 3169.

¹⁵ Cf. Pereira 2002: 142.

que mesturaba corografía e coñecementos anticuarios, *De Cordubae urbis origine, situ et antiquitate*¹⁶.

En xeral, a esfera do castelán coloquial identificou a palabra *antigüedades* como sinónimo do coloquial *antiguallas*, é dicir, monumentos materiais antigos, nun sentido similar ao plasmado por Arnaldo Momigliano¹⁷. De feito, e partindo do termo consagrado de *antiguallas*, no seu *Onomástico de la lengua gallega* Sarmiento ofrece unha clasificación de obxectos arqueolóxicos, o denominado «inventario de antiguallas visibles». En palabras de Xosé Filgueira Valverde:

[M]axinou o «inventario de antiguallas visibles». A enumeración dos elementos que é mester inventariar e catalogar é moi cumprida. Abarca as estacións arqueolóxicas: as mámoas (*On.* 684), os castros (*On.* 684 e 685). A epigrafía latina, galega e castelá (*On.* 681), con instrucións para a procura «nos montes, lugares de demarcación (*On.* 683); nos castros e lugares de enterramento (*On.* 684); nas pomes (*On.* 688); nas entradas dos lugares miúdos ou despoboados (*On.* 689); nas igrexas rurais e vellas ermidas (*On.* 690)», nos mosteiros, conventos, templos e edificios públicos. (Filgueira Valverde 1997: 27)

A enumeración do noso frade, aínda que libre, segue a clasificación xeral de Flavio Biondo, que no seu *Roma Triumphans* era debedor, pola súa vez, da tradicional división cuádrupla entre monumentos *públicos, privados, sagrados e militares* que o humanista e anticuario J. Rosinus acabaría por consagrar¹⁸.

Todos estes aspectos son tamén rastrexables no léxico de Martín Sarmiento, no que podemos apreciar acepcións variadas do termo, que parten da propia concepción dada por Momigliano, como na referencia a ese subxénero de historia local, incluída a dualidade dos termos *antigualla* e *antigüedades* para se referir aos obxectos de relevancia conservados: «Sobre todo se formaría una individualísima descripción de España, que hasta ahora no tiene nación alguna. Se agregaría una noticia de la historia natural, de las antiguallas y de las inscripciones y santuarios de España, y de todos sus frutos» (Sarmiento 2022, I: 168, § 552).

¹⁶ Publicado como apéndice dentro do seu *Diui Eulogii Cordubensis martyris*. Vid. Serrano Cueto 1998.

¹⁷ No *Tesoro de la lengua castellana*, 74v, s. v. «antiguo», Covarrubias define a voz *antigualla* como «las cosas muy antiguas y viejas, de otro tiempo» e «anticuario» como «los curiosos de cosas antiguas».

¹⁸ Rosinus 1583: f. 2v-r.

Ou no mesmo ámbito semántico:

El monte altísimo que está a dos leguas de Santiago se llama en Galicia el Pico Sagro, famoso por su altura y por sus sagradas antigüedades, y aun por la fatua y necia credulidad de que allí hay tesoros encantados, y que el concurrir allí a desencantarlos ha sido y es el utilísimo ejercicio para el Reino de Galicia de los ociosos que allí andan a caza de foros. (Sarmiento 2022, I: 74, § 98)

Pero tamén está claro que nalgunhas ocasións esa distinción que comentamos entre obxectos antigos e obras historiográficas sobre as orixes e a historia antiga dun territorio está ben presente no noso autor:

Para los académicos de la historia era muy competente el trabajo de sacar a luz, cada año, un tomo de observaciones y memorias sobre la cronología, historia, antigüedades, medallas, monedas, inscripciones, etc., en general, y con más particularidad por lo que mira a nuestra monarquía española. Me inquieto que se gaste tanto tiempo en averiguar y saber las cosas de egipcios, griegos, romanos, etc., y tan poco en averiguar nuestras antigüedades. (Sarmiento 2002: 161, §372)

Tamén na *Obra de 660 pliegos* podemos apreciar o mesmo:

Una de mis curiosidades ha sido averiguar el sitio individual primitivo de la villa de Pontevedra. Es allí tradición constante que no estaba en donde hoy está, sino más al mediodía, hacia Moldes y Tomeza, a una legua *in circuitu* de Pontevedra. Lo he pateado a palmos y lo tengo muy presente, y estaría muy contento si fuese posible andar ese terreno por debajo de tierra esas dos leguas cuadradas, pues es quimera que allí no se conserven muchísimas inscripciones y monumentos antiguos que nos instruyan de las antigüedades del sitio de la villa y del terreno. (Sarmiento 2022, V: 431, § 7632)

É interesante, desde este punto de vista, que en ocasións podemos apreciar a unión dos dous termos, *historia e antigüidades*, como conectados e complementarios, no que sería unha afirmación do concepto *anticuario* no sentido analizado por Momigliano:

Los eruditos celebrarán mucho que se hagan los caminos nuevos, por lo que digo en los papeles. Los eruditos de historia, antigüedades, inscripciones, monedas, etc. porque esperarán que al ir construyendo los caminos se tropezará con las vías militares de los romanos, con ruínas de lugares perdidos, con antiguos sepulcros, con algunas columnas militares enterradas, con inscripciones y con monedas. (Sarmiento 1995: 280, carta 129)

De igual modo:

Por estas y por otras tontas deferencias a abogados y escribanos, y a todo hombre de sepan cuántos, propuse ya que de los monjes que estudiaron su filosofía, teología y que han cursado en la pasantía, se escojan algunos que se dediquen a la jerga de las leyes, y a leer, registrar y entender todos los instrumentos del archivo. Con esa prevención, cualquiera de esos monjes llevará en el pico a todo abogado de los que pasan de unos malos gerundios a unos peores Vinios, sin más literatura sólida y sin el más mínimo conocimiento de la historia profana y eclesiástica, y de las antigüedades y costumbres españolas. (Sarmiento 2022, I: 174, § 575)

Con todo, noutras ocasións semella claro que o vocábulo *antigüedades* equivale de maneira unívoca á «historia antiga», case *ex origine*, dun lugar. Así: «[T]entar llenar de humo y contradicciones las verdaderas antigüedades de aquel insigne Monasterio»¹⁹. Ou tamén:

La zalagarda de los falsarios estuvo en fingir antigüedades de ciudades y villas; en fingir antigüedades de religiones; en fingir obispados y en fingir concilios y cánones. En fingir santos, ya mártires ya confesores, ya vírgenes y anacoretas. En fingir milagros. En trasladar santos verdaderos orientales a España haciéndolos españoles. En contar la serie seguida de los obispos de una catedral y en fingir que todas las catedrales han sido fundadas por Santiago con mil falsas suposiciones. Y para atraer a los genealogistas (que nunca mienten de balde) y paladearles el gusto que entonces estaba en boga como ramo de los libros de caballería, se sueltan en esos falsos cronicones algunos rasgos o borrones genealógicos. (Sarmiento 2008, IV: 210, § 5345bis)

¹⁹ Sarmiento, Martín: *Noticia de un Extracto de el Libro Bezerra de Zelanoba*, f. 11v, § 30.

Igualmente:

No tienen precio suficiente los seis libros de los *Fastos* de Ovidio. ¡Y ojalá hubiesen quedado otros seis para los seis meses restantes! Aquellos seis libros son como el breviario de las fiestas de los romanos. Manilio nos da idea de la astronomía de los antiguos. Dionisio Afro y otros, periplos en verso de la geografía, aunque con concisión. Opiano y Nicandro, poetas griegos de la historia natural y de la medicina. Lucano y Silio Itálico y Claudiano, que pasan por historiadores, por lo mismo son los mejores poetas. Dejemos a Lucano y vamos a Silio Itálico, en el cual tropezó el analista para negar a Galicia sus mayores antigüedades. (Sarmiento 2022, V: 299-300, § 7277)

E do mesmo xeito:

Abundo en el dictamen (importa un bledo que se mire como apasionado) de que si el Reino de Galicia como hoy se demarca, y con más razón si se le restituye lo que tenía el siglo I hasta el río Duero, fuese el único país del mundo —como dije de España, número 997— no necesitarían sus habitantes de más mundo para ser felices de tejas abajo. No me pesará saber qué motivo tuvieron los antiguos para llamar *Insulae deorum* a las islas de Bayona. Cuando hacia allí se colocaba la mansión o habitación de los dioses, tendría idea superior de aquel país. Y, colocando los gentiles sus Campos Elisios en el Océano occidental, con esta aprehensión (tendrían conexión las islas de los Dioses, o de Bayona) las mámoas o sepulcros de las cenizas de los romanos, en Galicia, están en disposición de mirar al Occidente.

Pero dejemos antigüedades y vamos al estado presente de Galicia. Digo que hoy no necesita de nación alguna, sino para cosas superfluas y excusadas o que se podrán suplir, y sería muy útil que las cosas para solo el lujo se prohibiesen del todo. No hay provincia de España más poblada que Galicia. Eso procede de la prodigiosa fecundidad de la naturaleza humana en aquel Reino. A esa es consiguiente una abundancia sin igual de todos los mixtos de la historia natural en sus tres reinos, mineral, vegetal y animal. (Sarmiento 2022, I: 291-292, § 999-1000)

Menos habitual, pero también existente, é a mención ao anticuario como erudito recolledor de elementos materiais do mundo clásico:

Si en España se introduce el *bessar* las tierras antes de ararlas con el arado regular, no solo los labradores y dueños de las tierras podrán esperar cosechas muy copiosas, sino que también los anticuarios eruditos podrán esperar que se desentierren y descubran no pocos monumentos incógnitos para las antigüedades de España. Como el surco o zanja que hará el *bessadoiro* será tan profundo, no podrá menos de descubrirse mucho bueno: columnas miliares tendidas, monedas antiguas de todo metal, lápidas con inscripciones, sepulcros con epitafios o sin ellos, ruinas de las calzadas de las vías militares de los romanos, ruinas de lugares perdidos que estuvieron en el terreno, etc. Con ir advertidos los tres que han de ir a las tres estevas y los que han de ir deshaciendo los grandes terrones, no se perderá curiosidad alguna. (Sarmiento 2022, I: 249-250, § 861)

Porén, no volume V da *Obra de 660 pliegos*, na parte relativa ás escavacións en Herculano, Sarmiento parece entender a noción de anticuario vencellada ao mundo libresco máis que ao elemento arqueolóxico, o que resulta claramente interesante. En todo caso, podemos apreciar a conformación e tamén o triunfo desa imaxe pexorativa que foi obxecto de especial comentario por parte de Momigliano, vencellada tanto ao coleccionismo como á análise intrínseca das pezas materiais²⁰. Neste caso, a identificación das «antigüidades» con elementos materiais do pasado é tamén clara:

No se debe ni puede negar que, si en las excavaciones de esa nueva ciudad abismada hay la misma realidad, verdad, legalidad y exactitud que en la del Herculano, tendrán los eruditos y anticuarios un segundo tesoro que no hallarán en los libros. Y si las pinturas al fresco de Civita Vecchia son tan perfectas como las del Herculano, es prueba de que no son fingidas. Lo mismo digo de las estatuas, pedazos de arquitectura, ajuares domésticos, etc. Por lo mismo, no es la menor prueba de que todo lo que se ha fingido en Granada correspondiente al siglo de los apóstoles cuando todas las artes y ciencias estaban en el mayor auge de su perfección, todo es de ayer acá y remedado con las patas. Hasta ahora no se ha mostrado ni descubierto monumento alguno de aquellos primeros siglos, afirmando que se hallan muchas antigüedades romanas. (Sarmiento 2022, V: 305, § 7291)

²⁰ Momigliano 1950: 299 e ss.

Neste sentido, é interesante, en todo caso, sinalar que en Sarmiento existen, adicionalmente, usos determinados deste vocábulo *antigüidades* nunha concreción de significado determinante, o de documentos e manuscritos antigos:

Todas las antigüidades de España duermen aún en los archivos, y porque muchas se han dejado pudrir, expuestos los instrumentos a toda plaga de ratones, polilla, polvo y lluvias, por eso España está tan escasa de antigüidades. La causa de esa escasez consistió, y consiste, en la falta de archiveros literatos y eruditos, pues si los hubiera habido, participarían al público los tesoros de los archivos. (Sarmiento 2008, IV: 77, § 4768)

Porén, Sarmiento adoita preferir a noción específica mabilloniana de «instrumento» para referirse á propia documentación antiga, obxecto de estudo textual e de crítica polo seu uso histórico. Neste sentido, a súa definición é sintomática:

Los instrumentos antiguos todos están escritos en pergamino, en latín bárbaro y castellano antiguo, o con caracteres góticos, o caracteres de la Media Edad. La dificultad no consiste en leerlos bien o mal, sino en entenderlos bien. (Sarmiento 2008, IV: 77, § 4768)

Con todo, o documento, para o noso autor —e isto é especialmente importante—, intrinsecamente forma parte das «antigüidades»:

Este trabajo á proporción, y por lo que mira á muchas voces ignotas de España, sería mas útil que el que algunos Españoles han tomado de fingir mil patrañas, así en orden a la lengua, como en orden a las antigüidades históricas. Ninguna nación con más razón que la nuestra, se debía aplicar á este trabajo. (Sarmiento 1775: 101, § 242)

Un aspecto que se complementa, en certa medida, co afirmado no *Catálogo de los pliegos*:

Tomé un libro en 4°. y en él iba apuntando todos los lugares etc. como en el año 1745. Allí registré y leí muchos instrumentos antiguos de los Archivos para formar el fondo de la lengua gallega. Volví a Madrid a 27 de noviembre de 1754 y este tomo de mi viaje tiene treinta y ocho pliegos en todo. (Santos Puerto 2002c: 78)

En particular para este sentido que estamos a comentar, resulta tamén reveladora unha pasaxe das *Reflexiones para una Biblioteca Real*:

Mucho más si se tomase en España la providencia de registrar los archivos, y de imprimir los manuscritos anécdotos que en ellos se conservan, y son, o serán, curiosos y útiles. Esto se debía ejecutar, aunque no fuese sino para librarlos perpetuamente de los incendios. [...] Cada catedral, cada religión, cada señor, cada monasterio, debía reimprimir, o imprimir, todos sus antiguos monumentos, y comunicar los raros manuscritos para que se imprimiesen. No haciendo antes esto, jamás se podrá escribir historia de España con total acierto y crítica. No hay instrumento alguno antiguo, de los que hoy están aún inéditos, que por uno u otro capítulo no dé alguna nueva luz para la historia o para noticia de alguna española antigüedad. (Sarmiento 2002: 147-148, § 326-327)

A variedade de acepcións do termo, como vemos, acaba focalizada en particular na consideración do estudo dos obxectos antigos (as *antiguallas*, *sexan monumenta* ou *instrumenta*) como elementos para a redacción, validación, reafirmación ou corrección do discurso histórico, pero tamén na consideración tradicional hispánica de intitulación de tratados históricos de ámbito habitualmente local, referidos á historia máis antiga dun lugar, que podía desenvolverse ata épocas máis próximas ao autor. En calquera caso, e como vemos, as fontes primarias estaban tomando posicións para a creación de disciplinas autónomas auxiliares da historia dentro dese mundo erudito do anticuario e do historiador humanista²¹, achegándose así a formas de elaboración historiográfica de corte máis rigoroso e máis próximas ás prácticas contemporáneas.

A este respecto, e salvo casos concretos que veremos máis adiante, Sarmiento realiza relativamente poucos estudos monográficos sobre temas anticuarios, no sentido específico do termo acuñado canonicamente por Arnaldo Momigliano. Aínda así, el mesmo repasou obras que entran na devandita categorización²². Seguindo o seu *Catálogo de los pliegos*²³ xunto coa enumeración realizada polo copista Santiago Sáez para a elaboración da Colección Medina Sidonia²⁴, ato-

²¹ Remesal Rodríguez / Aguilera / Pons 2000: 13. Cf. Miller 2012.

²² Imprescindible Pereira 2002:146 e ss.

²³ Madrid, BNE, ms. 17.642. *Vid.* Santos Puerto 2002c.

²⁴ Monteagudo / Viso 2009: 183.

pamos polo menos dezaseis obras que se enmarcan nesta temática, simplemente contando aquelas que indiscutiblemente se centran na descrición ou análise de materiais arqueolóxicos, epigráficos e numismáticos tanto da Antigüidade como da Idade Media. Tamén cómpre sinalar neste sentido a estruturación temática da Colección Medina Sidonia: a pesar de existiren algunhas obras no volume IV da colección²⁵ e, de forma diversa, tamén nos volumes VIII e IX, o groso das obras anticuarias de Sarmiento, no eido tradicional descrito por Arnaldo Momigliano, conforman un conxunto coherente que abrangue o volume V²⁶ da devandita colección. Velaquí a lista:

[83r-120v]

Origen de los Maragatos. 5 pliegos original.

[121r-224v]

Monedas, è Inscripciones antiguas. 15 Pliegos.

[125r-165r]

[Inscripcion de un Lignum Crucis].

[167r-189v]

Monedas Romanas, Griegas, Gothicas, Runicas, Hebrèas, Castellanas, Arabigas, Antiguas, etc. Que Yò Fr. Martìn Sarmiento, Monxe Benito, profeso en San Martin de Madrid, à 24 de Mayo de 1711 y aviendo nacido en 9 de Marzo de 1695, hè visto, y hè manejado, con la explicacion de algunas.

[190r-216r]

Nombres, valores, y cotejos de varias Monedas Españolas, antiguas, y Estrangeras, cuya noticia hallè en los Privilegios, Bullas, Libros, y otros Instrumentos originales, que se guardan en el Archivo, y Bibliotheca de la S^{ta}. Yglesia de Toledo, Primada de las Españas: adjunto el año, ò Era.

[216v-221v]

²⁵ Consideramos, polo seu elemento vencellado máis á historia *de originibus*, o texto *Origen del nombre, y Casa de San Julian de Samos: Monasterio de Benitos en Galicia*, obra orixinal en 19 pregos en Colección Medina Sidonia, t. IV [383r-464r].

²⁶ Como na nota anterior, non entran nesta categorización as seguintes obras do volume V da Colección Medina Sidonia comprendidas entre os ff. 83r-120v: *Origen de los Maragatos* [85r-118v], *Origen de los Maragatos* [120r-120v], *Yndize de las cosas mas notables del Papel origen de los Maragatos* [121r-224v], *Censura de España primitiva*, de 8 de decembro de 1738 [460r-464v] e *Carta al duque de Medina Sidonia sobre el origen de la mesta... de 3 de septiembre de 1765* [500r-505r]. Vid. Monteagudo / Viso 2009: 204.

[*Respuesta de 29 de noviembre de 1756, en la que manifiesta que la expresión Regis Hispaniarum no es signo de falsedad en un Privilegio del rey D. Fernando II de León*].

[222r-224v]

[*Respuesta dirigida al Marqués de Grimaldi, con fecha de 8 de diciembre de 1764, sobre la autenticidad de 76 inscripciones de Granada*].

[227r-233v]6

Antigüedad del Papèl. 1 Pliego Original.

[235r-260v]

Meteòro llamado Castor, y Pollux. 3 Pliegos Original.

[263r-411v]

Copia del Papel de las Bubas del P. Sarmiento, que tiene 13 Quadernillos, de Copia y 34 pliegos de original.

[413r-420v]

Noticia de unas monedas Antiguas de Plata, y de unos dices mugeriles, y Pueriles de Plata Fina, que se desenterraron en Vizcaya. Un Pliego.

No volume VIII destacan dúas obras en particular:

[611r-611v]

Modo de sacar copias para gravar.

[611v-614r]

Modo de copiar inscripciones de lapidas etc. al natural.

E no volume IX sobresaen tres:

[323r-368v]

Geographia de las 4 Vias Militares Romanas que salian de Braga, à Astorga. 7 Pliegos. Geographia De las Quàtro Vias Militares Romànas, Que Salian, de Bràga, à Astòrga. Via IIIª Desde Bràga, à Astòrga; Por los Puèblos Quarquèrnos.

[377r-403v]

El Verdadero Miño, Y Municipio de Lais. 3 pliegos.

[415r-430v]

Ynscricion Romàna en la Limia, al Norte de Jinzo. 2 Pliegos.

Así mesmo, no *Catálogo de los pliegos* atopamos citada, cando menos, unha obra non incluída na nómina anterior e de considerable importancia: *Sobre una espada de Peñafiel* (1752), escrita en dous pregos, de carácter oficial, como encargo da Real Academia de la Historia (RAH). O 26 de decembro de 1752 tivo lugar a xunta extraordinaria da RAH na que se leu este informe de Sarmiento, que concluíu que a arma era unha espada propiedade do infante D. Juan Manuel legada a ese convento de Peñafiel, aspecto que foi moi discutido e finalmente non aceptado por parte dos académicos presentes.

Unha nómina como a anterior é menos fiable do que podería parecer nun principio. Como teñen destacado distintos estudosos, o elemento digresivo e o misceláneo conforman unha característica relevante e distintiva da obra de Sarmiento²⁷. Este trazo característico, como veremos, incide de cheo no tratamento histórico-anticuario ao longo da súa obra. Un bo exemplo diso é precisamente a *Obra de 660 pliegos*. Se repasamos os seus índices, aínda que sexa brevemente, vémolos claros.

Os volumes IV e V deste longo texto concentran o grosor das referencias anticuarias, vinculadas tanto a temas cronográficos e historiográficos como, en particular, a estudos que teñen, cando non totalmente, unha importante base anticuaria en si mesmos, como os dedicados ás orixes de Portugal e a lingua portuguesa (§ 4822-4852) e, por último, á poboación de Gallaecia e Hispania na época romana (§ 4853-4875).

No volume V atopamos unha análise de tallas en inscricións con relación a unha capela da illa de Tambo e o devandito nome na historiografía anterior (§ 7216-7239) e tamén unha importante análise sobre esculturas e epigrafía de época sueva (§ 7666 e ss.). Con todo, o grosor do tema anticuario está ocupado aquí por unha disquisición case monográfica sobre as orixes de Pontevedra, na que podemos apreciar a forma de traballo de Sarmiento, que combinou lucidamente as análises anticuarias coa súa erudición respecto á historia medieval

²⁷ Monteagudo (2022: 27) ten feito fincapé, así mesmo, na «función heurística» da compoñente digresiva en Sarmiento. Cf., a este respecto, as palabras do propio Sarmiento (2022, I: 244, § 845-846):

Esas detenciones mías, que los lectores de escuelas llaman digresiones, son frecuentes en mis papeles y en las cuales siempre descubro algo que jamás he leído en libro alguno y, aunque por consecuencias mediatas, siempre le adapto al principal asunto de mis papeles. [...] Siempre que me es indispensable tropezar con voz o cosa que no entiendo (y esto me sucede muchas veces en lo que leo y en lo que oigo) no quiero pasar adelante sin satisfacerme antes, a lo menos a mi modo, de la calidad de la cosa y de la genuina significación de la voz.

galega, os seus topónimos históricos e etimoloxía. Este aspecto holístico non é novo. Nos seus *Elementos Etimológicos* afirma:

De casi un millón de libros que hay en las naciones extranjeras sobre la Historia Natural en sus tres reinos: mineral, vegetal y animal, es preciso apurar las librerías para encontrar dos o tres docenas de autores españoles que hayan escrito de esas materias o en español o en latín. No sé cuando hemos de despertar de este letargo o modorra. Adelante me extenderé mucho probando la importancia del asunto y sus innumerables utilidades. Y siendo la Historia Natural tan conexas con la Geografía, y ésta con las antiguallas e inscripciones, procuraré suavizar las arideces etimológicas con curiosas reflexiones sobre la Lengua, Geografía, Historia Natural y Anticuaria de Galicia²⁸.

Este aspecto impregna toda unha estrutura epistemolóxica apegada á realidade concreta, como analizaron polo miúdo Pilar Allegue e Ana Barbazán (Allegue Agüete 1993; Allegue Agüete / Barbazán 1997) e como o ten resaltado para o ámbito das antigüidades Fernando Pereira (2002: 162). A súa concreción foi captada lapidariamente polo beneditino: «Yo busco la verdad no en charcos y lodazales, cuales son las cuatro clases dichas, sino en las fuentes originales» (Sarmiento 2022, V: 309, § 7312).

Polo tanto, e en resumo, os volumes IV e V da *Obra de 660 pliegos* amosan en boa medida esa aplicación práctica que Sarmiento fai da descrición anticuaria co fin de reconstruír datos históricos e achegar material historiográfico fiable. Estes datos serven tamén para definir unha preocupación constante ao longo da obra de Sarmiento: a cuestión dos falsificadores historiográficos españois, que desmonta polo miúdo tanto apoiándose na comparación intertextual como, precisamente, grazas á información achegada pola evidencia material²⁹.

A *Obra de 660 pliegos* engade un aspecto interesante con relación a este tema: a contextualización con acontecementos europeos similares. Aí é onde se localiza un detallado comentario sobre os *Etruscarum antiquitatum fragmenta* (1637) de Curzio Inghirami (1614-1655)³⁰, unha falsificación que conmocionou os erudi-

²⁸ Colección Medina Sidonia., t. IV, f. 495v.

²⁹ Pereira 2002: 163.

³⁰ Rowland 2004; Fiore 2012.

tos coetáneos e que deixa arestas ata na polémica dos falsos chumbos de Granada e a obra de Román de la Higuera. Sarmiento demostra ser consciente da polémica europea ocasionada por estas obras e contextualízaa citando un abano moi interesante de bibliografía anticuaria contemporánea no campo da epigrafía arcaica etrusca e romana, ao tempo que pon de relevo, como é habitual no noso frade, o seu interese pola lingua etrusca, citando obras tan detalladas como as de Francesco Antonio Gori³¹. Este excursio sérvelle tamén para reivindicar a necesidade dun rigoroso e estrito traballo de crítica, así como de análise, descrición anticuaria e demarcación historiográfica³².

Os historiadores, conclúe o beneditino, deben coñecer as leis da crítica para distinguir as farsas historiográficas dos verdadeiros historiadores. Do mesmo xeito, isto só é posible a partir dun coñecemento anticuario adecuado que permita tamén determinar a falsidade ou veracidade das fontes primarias e, con isto, establecer a comparación dos datos da historiografía narrativa fronte á información das fontes primarias. É algo ao que volverá o noso autor unha e outra vez, de maneira recorrente³³. Ademais, engade, isto permitirá corrixir ou revisar datos erróneos de historiadores en si fiables, mesmo antigos.

O comentado non só reforza a primeira vista a idea dun Sarmiento anticuario, mesmo poderosamente anticuario poderíamos dicir, senón que tamén dialoga de xeito interesante coa imaxe intelectual que o propio frade se ocupou de construír sobre si mesmo: a figura dun estudoso separado do mundo, centrado na súa investigación erudita, o cal encaixa con ese modelo prototípico da figura do anticuario tal e como é descrita canonicamente por Arnaldo Momigliano. Porén, Sarmiento distánciase —quizais sen querer— desa imaxe de solitario, en particular debido á súa práctica de engarzamento social e político con figuras relevantes da corte, pero tamén por ser colaborador asiduo de proxectos culturais

³¹ Antonio Francesco Gori publicou as *Inscriptiones Antiquae* de Giovanni Battista Doni en 1731. Sarmiento erra na data de publicación, que coloca tres anos antes. Á parte, cita outra obra de Gori na que, ademais do italiano, colaboraron anticuarios como Francesco Valesio e Rudolfo Venuiti: o *Museum Cortonense* de 1750.

³² Sarmiento 2008, IV: 219-220, § 5378-5386.

³³ «Confieso que en Yepes y Morales, y en otros muchos autores clásicos, se hallan sucesos que por solo haberse tomado de copias, están disparatados en la cronología. De esos no se habla ni tampoco esos se hacen rectificar por otras copias sino, o por originales, si los hay, o por antiguas copias que antes se rectifican por las rigurosas leyes de la crítica» (Sarmiento, *Sobre el Bezerro de Celanova*, § 51).

de primeiro nivel, como a identificación e análise dos manuscritos arábigos do Escorial, e tamén polas súas colaboracións constantes con outras obras e autores anticuarios como o Padre Flórez³⁴.

Ao longo das décadas dos cincuenta e sesenta do século XVIII, Sarmiento foi un estreito colaborador do proxecto *España sagrada*, ao que achegou documentación diversa no ámbito das antigüidades³⁵. O texto de 1755 titulado *Notas al Privilegio gótico concedido por Ordoño II al Monasterio de Samos*³⁶ é revelador a este respecto, así como tamén o son extensos fragmentos da *Obra de 660 pliegos*, por citar só dous exemplos de ampla relevancia³⁷. A colaboración erudita histórico-anticuaria do noso beneditino tamén se deu con outros estudosos, como Mayáns³⁸ ou Burriel³⁹, que mostran a figura de referencia na que Sarmiento se convertera, cando menos en relación con este tema.

A colaboración tamén se deu a nivel institucional, como vimos en relación co citado ditame que a RAH lle encargou sobre a espada de Peñafiel. Neste sentido, Sarmiento tivo unha especial preocupación por que as institucións cumprisen a súa misión e fosen garantes da integridade de materiais anticuarios de todo tipo, como era práctica cada vez máis habitual nas nacións europeas máis avanzadas, como Francia ou Gran Bretaña. Tamén é destacable o seu empeño en mellorar a formación dos monxes para unha axeitada valoración dos tesouros anticuarios da congregación, pero tamén para o seu uso a nivel xurídico, en defensa dos intereses da orde, e tamén para os traballos intelectuais dos seus integrantes, que redundan en beneficio da comunidade eclesiástica e xeral⁴⁰.

³⁴ Álvarez Barrientos 2017: 110-111.

³⁵ Para unha contextualización da práctica anticuaria de Flórez, *vid.* Campos 2010.

³⁶ Sarmiento 2013.

³⁷ Sarmiento 2022, V: 427 e ss., §7627 e ss. Flórez imprimiu o Privilexio de Ordoño II no apéndice III do tomo XIV da súa *España sagrada*. *Vid.* Flórez 1758: 7195-7196.

³⁸ Cf. Carta de Mayáns a Rávago, 10 de febreiro de 1748, en Mayáns y Siscar 1972, vol. VII: 298-309.

³⁹ Carta de Andrés Marcos Burriel a Gregorio Mayáns, 20 de decembro de 1744, en Mayáns y Siscar 1972, vol. II: 25-33.

⁴⁰ O aspecto pedagóxico en relación coas antigüidades é algo no que non podemos deternos máis que para trazar un perfil xeral, pero hai varios textos de Sarmiento que se interrelacionan ben neste senso, como o citado *Privilegio Gótico* (1752), no que detalla un plan pedagóxico que aspira a mellorar o nivel cultural dos monxes e a que estes saquen o máximo partido de materiais antigos da Congregación Benedictina de Valladolid, algo que faltaba por desenvolver, curiosamente, na súa *Carta al General Anselmo Mariño*, base do que serán logo as reflexións do *Privilegio Gótico*, como ten resaltado Santos Puerto (2002a: 265- 270); pero que, asemade, conforma unha preocupación plasmada na tardía *Carta a Ruete* (1770), sobre o

Dos tres ámbitos habituais da descrición anticuaria —o dos monumentos, o numismático e o epigráfico—, Sarmiento, como estamos a ver, concentra a súa atención particular e colaborativa especialmente no segundo e no terceiro. Sabemos que o noso frade tiña a súa propia colección numismática e que esta era dabondo importante como para compartir estes materiais e as súas interpretacións con estudosos como o Padre Flórez, quen contaba cun dos mellores monetarios do seu tempo en España, e fornecer esa obra de tal envergadura como foi as *Medallas de las colonias, municipios y pueblos antiguos de España* (1757)⁴¹. Como ocorre cos datos epigráficos e urbanísticos, a descrición numismática tiña como principal finalidade fornecer de elementos de veracidade e exactitude (de ἀκριβεῖα, por usar o termo grego vencellado á historiografía) os diferentes textos que abordaban cuestións históricas de calado amplo, referidos á Antigüidade clásica ou medieval⁴². Sarmiento non sae deste esquema; pola contra, en moitos sentidos reafirmao nas obras anteriormente listadas cunha práctica anticuaria tan tradicional como consolidada. Outros dous exemplos amósannolo perfectamente. O primeiro é a análise histórico-anticuaria que no volume V da *Obra de 660 pliegos*⁴³ Sarmiento realiza sobre unha moeda de Calígula, discutindo a hipótese explicativa elaborada por Flórez, con quen colaborara proporcionándolle a información sobre a dita moeda, que este incluíu no seu traballo⁴⁴.

O segundo exemplo é a descrición e estudo dunha importante inscrición epigráfica de Adriano, que utilizará, xunto con outras dúas, para dilucidar o lugar e a orixe de Pontevedra⁴⁵. O importante, neste caso, non é só a análise que realiza

proxecto de creación dunha diplomática española por parte de Campomanes, como desenvolvemento laico da idea dun corpo diplomático beneditino que xa en 1735 Sarmiento lle propuxera ao xeneral da Congregación Benedictina de Valladolid, frei Bernardo Martín. *Vid. Ameneiros Rodríguez 2015: 60-61. Para a carta a Ruete, vid. Torres 1972.*

⁴¹ Flórez 1757.

⁴² Aspecto que tamén recolle como obxectivo primordial da «ciencia numismática» o propio Flórez (1757: 5): [M]irando la ciencia numismática como un almacén universal, donde cada facultad halla armas con que defenderse, o sin la cual carecían de ilustración. Desde el siglo décimo sexto pasma el uso que los escritores hicieron de las medallas, sirviéndose de ellas para formar Historias, Geografías, fastos, Anales Eclesiásticos, y para corregir toda suerte de escritores antiguos: de modo que no bastando escribir sobre ellas derechamente, las miran como trascendentales para otras Facultades, sin hacer edición de obras antiguas en que no se mezclen las medallas despreciando el gravamen de los gastos por la utilidad de estamparlas.

⁴³ Sarmiento 2022, V: 492, § 7826.

⁴⁴ O estudo detallado atópase en Flórez 1757: 323-327.

⁴⁵ Sarmiento 2022, V: 434-435, § 7639 e ss.

Sarmiento, senón o indiscutible afán de servizo público co que en moitos casos, como xa dixemos, aborda o seu estudo anticuario, que aquí se concreta na elaboración dun comunicado con información detallada ao Concello de Pontevedra sobre a importancia deste achado arqueolóxico⁴⁶ e a solicitude de que esta peza fose colocada no consistorio, xunto cunha simultánea comunicación ao Padre Flórez⁴⁷. Dun xeito ou doutro, a análise anticuaria está vencellada, no noso autor, ao elemento de elucidación cronolóxica, pero en particular ao elemento textual, o que enlaza moi ben coa súa metodoloxía de traballo e tamén coa constante preocupación lingüística e etimolóxica amosada por el ao longo da súa vida.

Un exemplo concreto desta metodoloxía que impregna o seu estudo histórico-anticuario queda patente no citado estudo sobre tres túmulos suevos incluído no volume V da *Obra de 660 pliegos*. Sarmiento deslinda os datos históricos a partir de cruzar a análise textual das inscricións epigráficas dos sepulcros coas informacións ofrecidas polas fontes clásicas, por unha banda, e polos historia-dores españois que se ocuparon deste tema, pola outra. O proceso non remata aquí, xa que Sarmiento o combina logo cunha análise histórico-etimolóxica —tan propia do noso beneditino— da toponimia da zona⁴⁸. O resultado proba tanto a erudición anticuaria como a sagacidade interpretativa e o sentido histórico do Padre Sarmiento para resolver a cuestión das orixes da cidade de Pontevedra.

Esta forma de traballo lingüístico-cronolóxico-contextual non é reducible a textos anticuados ou anticuarios. A antigüidade é un valor, pero tamén debe ser sometida a unha crítica profunda da súa información, así como de calquera uso das fontes primarias, que antes deben ser analizadas con rigor. A análise anticuaria, como ben sinalou Momigliano, fora dotada dunha metodoloxía de recompilación e análise de fontes materiais que, ademais de ter unha categoría de especialización por si mesma, servía para confirmar o apoio da veracidade histórica dos autores.

Con carácter xeral, pois, a análise anticuaria de Sarmiento ten estas dúas perspectivas confluentes: a súa contextualización histórico-cronolóxica e a súa crítica

⁴⁶ Sarmiento 2022, V: 434, § 7641.

⁴⁷ Flórez 1765, XIX: 6-7. Flórez non cita aquí a orixe que proporciona Sarmiento respecto desta inscrición, aínda que si o fai coa referida á Torre de Hércules (Flórez 1765: 14), e tamén menciona que o propio Sarmiento elaborou un mapa da diocese de Iría coas antigas referencias xeográficas e corográficas (Flórez 1765: 20).

⁴⁸ Sobre toponimia e análise histórica en Sarmiento, *vid.* o artigo de Gonzalo Navaza neste mesmo libro.

e valoración propiamente textual, no caso de que inclúa elementos lingüísticos⁴⁹. O texto transmitido por estas fontes primarias adquire, loxicamente, un valor de absoluta importancia, dado o seu carácter tanto probatorio como documental. Expresábo moi ben non Sarmiento, senón o Padre Flórez, cando no tomo I da súa *España sagrada* afirmou que «no escribo Historia, sino lo que se necesita para ella» (Flórez 1748, t. III: 37)⁵⁰.

As antigüidades portadoras de calquera elemento textual tiñan, xa que logo, a consideración de documentos, igual que ao revés: os documentos máis antigos tiñan tamén por si mesmos a consideración de *antiquitates*, como xa vimos. A súa análise, ao estilo da descrición numismática ou da análise epigráfica, desenvolveu desde o primeiro humanismo⁵¹ unha metodoloxía propia en relación co documento antigo como instrumento material-textual, un aspecto desenvolvido de xeito especial polos mauristas e concretado especialmente na magna obra de Jean Mabillon (1632-1707). Ao comezo do seu *De re diplomatica*, na importante carta de prefacio dirixida a Colbert, Mabillon especifica a importancia do estudo dos documentos no campo das *antiquitates*:

Verum tamen una nobis est tota antiquitate relictā erat ipsius antiquitatis scientia, quae a maioribus nostris neglecta, mirum est quantum in hoc aevo splendoris ac lucis acceperit. In eo autem genere non infimum obtinet locum rei Diplomaticae notitia quae intimis archivorum recessibus hactenus conclusa tenebatur. (Mabillon 1709²: 2, *Epistola ad Colbert*)

Convertida en disciplina propia, a diplomática, o estudo do documento antigo e as súas características externas e internas, desenvólvese como elemento fundamental da práctica anticuaria, malia que esta, polas características dos materiais (papiro, pergamiño, papel) quede reducida ao plano cronolóxico da Alta e a Baixa Idade Media. Mabillon refírese aos arquivos como lugares onde hai elementos materiais que

⁴⁹ Novamente remitimos a Monteagudo 2022: 27-29 sobre estes aspectos e lembramos o carácter xeral da metodoloxía de traballo de Sarmiento e o seu carácter interdisciplinario.

⁵⁰ Flórez 1748: 37 (t. III). Cf. a obra *De la redención de cautivos de la Orden de la Santísima Trinidad* de frei Rafael de San Juan e a súa afirmación de que «la mayor probanza de las antigüedades no son las historias, sino los instrumentos, memorias y vestigios antiguos, que conservan incorruptas las verdades» (*apud* Catalina-García 1907²: XXIX).

⁵¹ Setz 1975.

denomina, con evidente sentido, monumentos variados da antigüidade: «[I]n quibus multigena antiquitatis monumenta⁵²» (Mabillon 1709²: 3, *Epistola ad Colbert*).

No seu ámbito específico, Mabillon refírese xenericamente aos documentos diplomáticos co termo específico de *instrumentum*⁵³. Do mesmo xeito, é interesante sinalar que na segunda edición de *De re diplomatica*, en 1709, Thierry Ruinart, secretario e editor de Mabillon, insistía no seu prefacio en definir a primeira edición de 1686 como unha obra de carácter anticuario: «[M]essem amplissimam, ex qua non parum lucis rei Diplomaticae afferri posset, collegerit ex variis peregrinationibus, antiquitatis ecclesiasticae illustrandae et reipublicae litterariae iuvandae causa susceptis» (Mabillon 1709²: 2, *Praef.* Ruinart).

Así mesmo, salientaba a súa importancia e vixencia coa autoridade do documento, proceder «ad historias emendandas»: a partir da autoridade emanada das fontes textuais antigas sometidas á análise crítica diplomática, realizábase, en caso de que fose necesario, o proceso de *emendatio* dos tratados históricos. De aí que Ruinart puidese igualmente denominar os *instrumenta* «monumenta probationum» (Mabillon 1709²: 4, *Praef.* Ruinart).

Do mesmo xeito, ao quedaren os estudos diplomáticos integrados dentro do ámbito anticuario, é posible atopar dentro dos maurinos mesmo o uso do termo *antiquitates* como un *totum pro parte* para referirse ás propias fontes documentais, como se pode ver no prefacio ao *Hagiologion Gallicanum*⁵⁴ de Claude Estiennot (1639-1699), dirixido ao propio Mabillon⁵⁵. Ideas similares comezaron a atoparse tamén no ámbito hispánico ligado aos beneditinos. Frei José Pérez de Rozas (1640-1696)⁵⁶, por exemplo, subtitulou as súas *Dissertationes ecclesiasticae* (1688)⁵⁷ precisamente como «opus rei antiquariae studiosis haud sane inutile», e no seu

⁵² O uso da palabra *monumentum* na carta-prefacio a Colbert é moito máis complexo e demostra o gran nivel de elaboración do devandito texto por parte de Mabillon. En rigor, todo o texto da epístola é unha sutil disquisición de Mabillon sobre a elaboración dun perfil humanista semellante ao dos buscadores de manuscritos, neste caso, dentro do campo específico da diplomacia eclesiástica: «[V]aria ecclesiarum ac monasteriorum archiva perscrutavi» (Mabillon, 1709²: 1, *Epistola ad Colbert*).

⁵³ Cf. «false plerumque iudicia de veris instrumentis, inanes passim coniectura de falsis» (Mabillon 1709²: 4, *Epistola ad Colbert*). Sobre a terminoloxía referente aos instrumentos, cf. García Ruipérez / Galende Díaz 2003: 9.

⁵⁴ Bibliothèque nationale de France. Département des manuscrits. Latin 12587.

⁵⁵ Vidier 1908: 308-309.

⁵⁶ Pérez de Urbel 1967: 166-168.

⁵⁷ Ortiz 2001: 189-193; 2002.

texto está a reafirmarse constantemente a identificación entre labor diplomático e anticuario⁵⁸. Como non podía ser doutro xeito, a Congregación Benedictina de Valladolid acolleu con entusiasmo os avances de Mabillon. En 1715, un anónimo monxe de San Bieito traduciu ao castelán o *Tratado de Estudos Monásticos*⁵⁹, quizais o Padre José Pérez de Rozas⁶⁰. No capítulo xeral de 1729, o xeneral frei José Barrionuevo propuxo que se premiase aos mozos monxes que se dedicasen ao estudo en xeral e á historia en particular, e que precisamente os Padres Sarmiento e Mecoleta procedesen a ordenar os arquivos daqueles mosteiros que o solicitasen, despois da experiencia práctica que supuxera que ambos os frades estivesen a traballar desde febreiro de 1726 ata maio de 1727 no inventario, análise e catalogación dos fondos da Catedral de Toledo. Supuña, cando menos de xeito oficial, unha maior concienciación pública por parte dos xenerais da congregación acerca da importancia dos documentos como elemento da cultura e, polo tanto, das bibliotecas mesmas⁶¹, nun momento en que os fondos da congregación debían defenderse das acusacións de estaren falseados que historiadores como Juan de Ferreras vertían contra a orde. De feito, catro anos antes, en 1725, o propio Barrionuevo xa solicitara a frei Francisco de Berganza (1663-1738), a Sarmiento e ao Padre Mecoleta que redactasen escritos apoloxéticos contra as acusacións de Ferreras, que comprometían o valor documental e xurídico de moitos documentos da congregación e que afectaban de xeito particular a preitos de San Millán⁶². O resultado foi o *Ferreras contra Ferreras y cuña del mismo palo* (1728) e a obra de Francisco de Berganza *Ferreras convencido con crítico desengaño en el tribunal de los doctos* (1729). Debemos lembrar, así mesmo, que

⁵⁸ Cf. Pérez de Rozas 1688: 278: «[E]x quo quanto veritatis quam Antiquitatis amatores simus», e, así mesmo, Pérez de Rozas 1688: 66: «[S]ed enim haec quantumvis speciosa magnoque a plerisque iisque Historiae et Antiquitatis Hispanicae consultissimis plausu excepta, quibus a certain et explorata sententia discedere cogamur».

⁵⁹ *Tratado de los estudios monásticos: dividido en tres partes, con una lista de las principales dificultades, que se encuentran en cada Siglo en la lectura de los Originales; y un catálogo de libros selectos, para componer una Biblioteca Eclesiástica. Compuesto en francés por el Reverendísimo Padre Maestro Don Juan Mabillon, Monge Benedictino de la Congregación de San Mauro; traducido en castellano por un monge español de la Congregación de San Benito de Valladolid*, Madrid, Viuda de Matheo Blanco, 1715. Para os aspectos xenéricos, *vid.* Dubuis 1985; Hiatt 2009.

⁶⁰ Zaragoza 1982: 307 e 441.

⁶¹ Varela Orol 2011.

⁶² Cf. *Archivo de la Congregación de Valladolid, en la abadía de Silos (Burgos), Actas de los capítulos generales*, vol. II, ff. 461v, 476v. Mecoleta xa publicara en 1724 unha defensa emilianense contra as acusacións de Ferreras, o *Desagravios de la verdad en la historia de san Millán de la Cogolla*.

Berganza era autor dunhas importantes *Antigüedades de España*⁶³ nas que podemos apreciar o uso do termo coa perspectiva tradicional de narración histórica desde as orixes, típica da historiografía hispánica e que engarza co subxénero clásico das *αρχαιολογία-antiquitates*, como xa comentamos. Nese mesmo ano 1729, o capítulo nomeou xeneral ao propio Berganza para o seguinte cuadrienio. A importancia práctica da análise documental quedará patente nos procesos xudiciais en xeral, pero tamén no ámbito da disquisición respecto dos falsarios historiográficos. Dun xeito ou doutro, é totalmente válida a afirmación de Antonio Maestre de que «el problema que acuciaba a los historiadores españoles del primer XVIII está centrado en los planteamientos metodológicos de Mabillon» (Mestre 1987: 342).

Sarmiento non escribiu ningunha obra de ataque contra Ferreras, o cal consideramos enormemente interesante de por si. Sabemos por el mesmo que ambos os dous tiñan bo trato e unha relación de amizade⁶⁴. Os presupostos da análise documental de Mabillon afianzaban o valor do documento desde o seu sentido crítico. Nisto non había especial diferenza coa rigorosidade que Ferreras e outros *novatores* esixían á historiografía. Con todo, a Congregación Benedictina de Valladolid víase obrigada a actuar institucionalmente na defensa da tradición —historiográfica, pero non crítica nin apoiada en fontes primarias fiables—, un aspecto que en certo sentido podía entrar en contradición coas teses de Mabillon. O certo é que a solución, lóxica e ao tempo de compromiso, radicaba no apoio á tradición no caso de non haber documentación coetánea ou próxima. Aínda así, Sarmiento, ao longo da súa obra, é un férreo defensor das fontes primarias e, con certas reservas, apoia esa visión da tradición respecto de acontecementos como o milagre da Virxe do Pilar ou a chegada do Apóstolo Santiago⁶⁵. De maneira coherente e rigorosa aplicou as teses mabillonianas para discernir non só a veracidade dos documentos en si mesmos, senón tamén a aplicación de «rigorosas leis da crítica» para o seu uso como fontes historiográficas de primeiro nivel⁶⁶. Desde

⁶³ Zaragoza 1984: 126.

⁶⁴ Sarmiento 2022: 264, § 7125.

⁶⁵ Fundamental a este respecto Sarmiento 2008, IV: 210-211, § 5346bis-5348bis, en relación coa discusión sobre o tema dos falsarios historiográficos e, en particular, de Miguel de Luna.

⁶⁶ «De esos no se habla ni tampoco esos se hacen rectificar por otras copias sino, o por originales, si los hay, o por antiguas copias que antes se rectifican por las rigurosas leyes de la crítica» (Sarmiento, *Noticia de un Extracto de el Libro Bezerro de Zelanoba*, f. 18r, § 51).

o final da década dos vinte e principios dos trinta, a carreira de Sarmiento estivo centrada, de feito, no dominio da metodoloxía diplomática e arquivística aplicada a fontes documentais como o arquivo da Catedral de Toledo e, asemade, no traballo de colaboración con Feijoo, que deu de si a publicación da súa *Demostración Crítico-Apologetica* (1732). Un ano despois, Sarmiento foi nomeado cronista da Congregación Benedictina de Valladolid en substitución de frei Bernabé Iguín de Torme (1671-1748), que exercera o cargo desde 1713 e que ese ano 1733 fora elixido abade do mosteiro de San Benito de Valladolid (1733-1737)⁶⁷. Entre as tarefas dos cronistas, de feito, estaba escribir a historia da orde e as biografías⁶⁸, pero no día a día foron máis importantes as súas tarefas de revisión, análise e certificación de documentación antiga, así como a emisión de informes e ditames sobre obras históricas da congregación e outras vencelladas, ademais de proposicións de ámbito interno aos xenerais sobre aspectos referidos ao seu labor, como se constata na importante censura á *España primitiva* de Francisco Huerta (1738), encargada ao noso frade e a Mayáns. Tamén, por suposto, en relación con isto, foi relevante a peritaxe e certificación de documentación relativa á participación en procesos xudiciais dos mosteiros da congregación, e, se aceptamos a hipótese de Dubuis, Sarmiento mesmo puido ser quen elaborou a carta acordada de 1757 do recentemente nomeado xeneral frei José Balboa⁶⁹, íntimo amigo do noso monxe, que esixía que en cada mosteiro houbera tres monxes encargados dos arquivos⁷⁰.

O cargo de cronista da orde foi, xa que logo, a confirmación e o recoñecemento oficial da erudición documental e diplomática de Sarmiento, un aspecto en que non deixou de traballar arreo, sempre como herdeiro da concepción mabilioniana das *antiquitates* e, polo tanto, do documento como elemento anticuario material. De aí o seu interese na conservación dos arquivos e no rescate, estudo e valoración de códices e manuscritos de todo tipo. Sirva como exemplo o que expresa en relación co Fuero Juzgo no volume V da *Obra de 660 pliegos*:

Así mismo se debe imprimir para hacer juego el códice gótico que está en Toledo y que contiene todo el Fuero juzgo latino. Este se ha de imprimir en latín y castellano según la

⁶⁷ Zaragoza 1992: 118-119.

⁶⁸ Zaragoza 1992: 89 e ss. Tamén Zaragoza 1995.

⁶⁹ Dubuis 2004: 117-124.

⁷⁰ Zaragoza Pascual 1984, t. V: 354-362; Varela Orol 2011: 129.

versión más antigua. Esos dos códigos de los cánones y de las leyes han de ser las Pandectas de todo canonista y jurista español. Para esto no importa que tal canon o tal ley no estén ya en uso, la historia de España todo lo debe abrazar, y esos dos códigos se han de leer y explicar en las universidades. Así, yo nada quiero alterar sino mudar el objeto de las cátedras para que el estudio sea útil y se sepan las antigüedades de España.

Dirán no pocos que todo lo dicho son vejeces, pergaminos y papeles mojados y goticismos de la vieja roca, que ya el mundo está muy ilustrado y con los ojos muy abiertos. Yo dijera que está muy alucinado y con la boca abierta esperando papar como moscas novedades, novelas y librachos infames, impíos y blasfemos que en las naciones no se dan manos a prohibirlos y a mandar que públicamente se quemen por mano del verdugo. Las esmeraldas de la vieja Roja de Egipto son las más preciosas y apreciables si se conservan algunas. Las vejeces de las leyes góticas son más preciosas que todos los comentarios de las vejeces de las leyes romanas o romanismos con los cuales sus autores han romaneado y romanean a todo el género humano español. (Sarmiento 2022, V: 168-169 § 6733-6736)

Así as cousas, a relación de obras de Sarmiento que se enmarcan dentro dos estudos anticuarios debe incluír, baixo esta premisa —que poderíamos denominar *Mabilloniano modo*—, todas aquelas referidas ao campo de estudo dos códigos e da diplomática en sentido amplo. Seguindo os índices da Colección Medina Sidonia e o *Catálogo de los pliegos*⁷¹, serían, cando menos, as que se listarán a continuación, tendo en conta que hai obras que non se atopan no índice da Colección pero si no *Catálogo*. Referímonos a *Extracto de antiguos privilegios de monasterios de la Rioja* (s. d., VIII, f. 472). Do mesmo xeito, o *Catálogo de los pliegos* cita un escrito que pode considerarse oblicuamente se non como anticuario, si desde logo como histórico-anticuario: *Sobre las ficciones de Miguel de Luna* (1755), que parece corresponder á carta sobre a falsidade das inscricións de Granada, para que nese sentido teña unha consideración plenamente anticuaria.

Hai outros dous escritos omitidos do *Catálogo* que amosan a preocupación anticuaria, os intereses pedagóxicos do noso autor e, con isto, a importancia dos instrumentos documentais e anticuarios para os preitos da congregación: *Curioso plan de estudios na congregación beneditina* (1730) e *Notas para a demanda contra o Rei sobre a presentación de Abadías* (1735), en referencia precisamente á impor-

⁷¹ Monteagudo / Viso 2009:190 e ss.

tante polémica do oito por cento na que estaban implicadas diversas abadías da Congregación Benedictina de Valladolid e que requiriu a presentación ante os xulgados de privilexios e documentos antigos. Unha lista de escritos de temática anticuaria a partir de tratamentos diplomáticos en sentido amplo sería a seguinte, seguindo novamente o traballo de Henrique Monteagudo e Silvia Viso (2009):

VOLUME II

2. [147r-586v]

Noticia de Varios Códices Ms^{tos}. è impresos, y observaciones hechas por el P. Maestro Sarmiento en su letura. Por Alfabèto de los Apellidos. 50 Pliegos Original.

Extractos de varios Codices M.S^{tos}. è Ympresos.

2.1. [151r-160r]

Nº. 1º. *Poemas de Gonzalo de Berceo Voces, y Frases Castellanas antiguas.*

2.2. [161r-214r]

Nº. 2º. *Biblia Ferrariense En Castellano Antiquo Traducida.*

2.3. [215r-242r]

Nº. 3º. *El Libro del Tesoro de Bruneto Latino Mro. del Dante; El qual tesoro mandò traducir en Castellano el Rey Dn. Alonso el Sabio.*

2.4. [243r-253v]

Nº. 4º. *Conquista de Ultramar.*

2.6. [270r-276r]

Nº. 6º. *Sobre un Codice M^o.S. en Castellano, de Medicina, su Autòr Estephano, natural de Sevilla. M^o.S. Anecdoto.*

2.8. [283r-295r]

Nº. 8º. *Fuero Juzgo. Reflexion.*

2.13. [344r-349v]

Nº. 13º. *Nobiliario del Conde Dⁿ. Pedro.*

2.14. [350r-352r]

Nº. 14º. *Noticia de un Codice, en que se contienen varias Historias antiguas; escrito por Juan de Oviedo.*

2.15. [353r-359r]

Nº.15º. *Historia de Ruy Diaz de Vivàr, ò de el Cid Campeador.*

2.16. [360r-389v]

Nº. 16º. *Poëma de Juan Ruyz Arcipreste de Hita.*

2.17. [390r-396v]

Nº. 17º. *Nota. A dos Códices Arabigos que hè visto, à 16 de Febrero de 1747.*

2.18. [397r-397v]

Nº. 18º. *Nota. Estos pedazos del rollo se pusieron en la Bibliotheca R^l. con estas Notas mias.*

VOLUME IV

4. [27r-73v]

Bibliotheca de la Santa Yglesia de Toledo. Borrador de los Libros que en ella registrè el año de 1727. La otra mitad de Libros los registrò el Mro. Mecolaeta en cuya compañía estuve yò Fray Martin Sarmiento. 13 Pliegos.

5. [75r-80v]

Titulo de Convenio de la Sta Iglesia de Toledo, de la era 1246, en latin de aquel tiempo. 1 Pliego.

7. [346r-382r]

Carta al P^r. Terreros sobre el origen de la Lengua Gallega, y sobre una Paleographia Española. 4 Pliegos.

7.a. [347r-378r]

Carta en Respuesta al Rmo. P^r. Mro. Estevan de Terreros, sobre el origen de la Lengua Gallega, y sobre la Paleographia Española. [16 de xaneiro de 1755].

7.b. [379r-382r]

Carta adjunta a los Pliegos precedentes. [17 de xaneiro de 1755].

VOLUME VI

2. [51r-92v]

Sobre los Codices M. S^{tos}. Orientales de la Rl. Bibliotheca del Escorial. 16 Pliegos.

2.a. [53r-68r]

[Carta a Francisco de Rávago, con data do 6 de febreiro de 1750].

2.b. [69r-80v]

[Carta a Francisco de Rávago, con data do 12 de decembro de 1750].

2.c. [81r-82v]

[Carta a Francisco de Rávago, con data do 18 de decembro de 1750].

2.d. [83r-84v]

[Carta a Miguel Casiri, con data do 17 de xullo de 1751].

2.e. [85r-92v]

Yndice de lo mas notable del Papel Reflexiones Literarias para una Bibliotheca Real. Y de las Cartas al Pe. Rabago, sobre los M.SS. del Escorial.

3. [95r-105v]

Dos Cartas del Reverendisimo P. Mtro. Sarmiento a el Ytr^{mo}. Padre Francisco de Ràbago, Confesor de S.M. del año 1749 sobre la publicacion de Codices, de Concilios, Leyes, y Obras antiguas de España y ereccion de Ymprentas Reales en Madrid para su ympresion encargando esto a la Real Academia de la Historia. 5, y ½ Pliegos original.

VOLUME VIII

1. [1r-65v]

Noticia de un Extracto de el Libro Bezerro de Zelanoba. 12 Pliegos original.

2. [67r-82v]

Apuntamientos de diferentes Autòres Sagrados, y Profânos, para el Pleyto de la Presentacion de las Abadïas de los Monxes Benedictinos, contra el Rey. 2 Pliegos.

Apuntamientos. De diferentes Autòres Sagrados, y Profânos, para exornar el Papel, ò Memorial, que se ha de formar, sobre que el Rey nõ debe presentàr nuestras Abadïas; con tal qual reflexion de mi fr. Martin Sarmiento. Comenzè à 11 de Diz^{re}. De 1735.

3. [85r-121r]

Planta Curiosa sobre entablar el adelantamiento de los Estudios en la Congrega-cion Benedictina de españa. 5 Pliegos.

5. [352r-370v]

Sobre la Lexitimidad de unos Privilegios Antiguos, en Carta de 4 de Sep^{bre}. de 1744. 5 Pliegos.

7. [390r-470r]

Sobre Ynstrumentos Antiguos. 11 Pliegos.

8. [472r-480v]

Extráctos de Privilegios, y Documentos antiguos en Latin. 1 Pliego.

9. [482r-499v]

Sobre una reliquia de Santiago. 2 Pliegos.

Reflexión Historico Critica Sobre la preciosa Reliquia, q^e. ès un brazo de el Apostol Santiago, el Mayòr, y que se conserva, y venera en el Convento de Santiago de Uclès.

10. [500r-521r]

Codigos Gothicos de la Libreria de Sⁿ. Ysidro de Leon, y del Archivo de la Cathedral. 3 Pliegos.

11. [522r-533r]

Carta al general de Sⁿ. Benito, sobre trabajarse por la Congregacion un Cuerpo Diplomatico para la Historia de España. 1 Pliego. [Carta con data do 20 de xuño de 1770].

12. [536r-558v]

Diplomatica del P^r. Ybarreta.

12.1. [538r-539v]

[Carta asinada en Nájera o día 7 de setembro de 1772].

12.2. [540r-558v]

Apparato, y Prontuario de la Historia Universal Eclesiastico-civil Diplomatica de España.

VOLUME XVIII

3. [31r-293r]

Privilegio Gothico del Rey Dⁿ. Ordoño 2^o. concedido al Monasterio de Samos, y reflexiones sobre Archivos, y otros puntos de suma importancia.

Como pode verse, os estudos histórico-anticuarios de Sarmiento caracterizáronse polo seu carácter variado e transversal. Integrou neles, xunto co estudo das fontes máis caracteristicamente vencelladas á análise anticuaria, as análises das

fontes diplomáticas ao estilo maurino. Desde este punto de vista, o seu interese no documento antigo como elemento material converteuno a nivel cuantitativo no foco máis importante dos seus estudos anticuarios, e, en calquera caso, as súas análises integran a descrición e valoración dos diferentes elementos anticuarios desde a súa óptica de textos relevantes que se convertían, en caso de probarse o seu valor e veracidade, en fonte primaria ineludible para unha historiografía sometida a unha análise crítica rigorosa, un aspecto que encaixaba nos intereses persoais e profesionais de Sarmiento. Así mesmo, na evolución institucional da Congregación Benedictina de Valladolid, os documentos e arquivos confirmados na súa fiabilidade apoiaban as reivindicacións da orde nas diversas causas xudiciais ás que tivo que enfrontarse a orde desde principios do XVIII. Desde estes puntos de vista, o estudo e a práctica anticuaria convértense nun elemento de particular relevancia para unha comprensión axeitada da traxectoria intelectual de Martín Sarmiento, dos seus intereses e da súa obra, así como, ademais, dos vencellos do beneditino coa congregación e as súas relacións con outros intelectuais coetáneos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALLEGUE AGUETE, Pilar (1993): *A filosofía ilustrada de Fr. Martín Sarmiento*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- ALLEGUE AGUETE, Pilar / Ana BARBAZÁN (1997): «Fr. Martín Sarmiento, un intelectual crítico e informado», en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, t. I, 441-468.
- ÁLVAREZ BARRIENTOS, Joaquín (2017): «Martín Sarmiento, o la escritura como gabinete de curiosidades», en Elena de Lorenzo Álvarez (ed.), *Ser autor en la España del siglo XVIII*, Oviedo, Ediciones Trea, 83-111.
- AMENEIROS RODRÍGUEZ, Rocío (2015): *La Biblioteca de Martín Sarmiento: recepción de la Ilustración en España*. [Tese de doutoramento]. A Coruña, Universidade da Coruña. Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/15946>
- ARCHIVO de la Congregación de Valladolid, en la abadía de Silos (Burgos), *Actas de los capítulos generales*.
- BERGANZA, Francisco de (1719): *Antigüedades de España, propugnadas en las noticias de sus reyes, y condes de Castilla la Vieja en la historia apologetica de Rodrigo Díaz de Bivar, dicho el Cid Campeador y en la corónica del Real Monasterio de San Pedro de Cardeña. Parte primera*, Madrid, Francisco del Hierro.
- BERGANZA, Francisco de (1721): *Antigüedades de España, propugnadas en las noticias de sus reyes, en la corónica del Real Monasterio de San Pedro de Cardeña, en historias, cronicones, y otros instrumentos manuscritos que hasta ahora no han visto la luz pública. Parte segunda*, Madrid, Francisco del Hierro.
- BETH OLDS, Katrina (2015): *Forging the Past. Invented Histories in Counter-Reformation Spain*, New Haven / Londres, Yale University Press.
- BONMATÍ, Virginia / Felicidad ÁLVAREZ (1992): *Nebrija historiador, estudio preliminar, traducción y notas de Virginia Bonmatí & Felicidad Álvarez*, Lebríja, Publicaciones de la Muy Antigua, Ilustre y Real Hermandad de los Santos de Lebríja.
- CABALLERO LÓPEZ, José Antonio (2002): «Anno de Viterbo y la historiografía española del XVI», en Jesús M.ª Nieto Ibáñez (ed.), *Humanismo y tradición Clásica en España y América*, León, Universidad de León, Secretariado de Publicaciones y Medios Audiovisuales, 101-120.
- CAMPOS, F. J. (2010): «El P. Flórez y los estudios de la historia antigua de España en el reinado de Carlos III (1759-1788)», *Cuadernos de Investigación Histórica*, 27, 23-63.
- CATALINA-GARCÍA, J. (1907²): «Elogio de Fr. José de Sigüenza», en Fr. José de Sigüenza, *Historia de la Orden de S. Jerónimo*, Madrid, Bailly Baillièere e Hijos, III-LII.
- CIROT, Georges (1914): «Lorenzo de Padilla et la pseudo-histoire», *Bulletin Hispanique*, 16:4, 405-447.
- CODOÑER, Carmen (2008): «Las historias de Antigüedades: Marineo, Nebrija y Margarit», en Mariàngela Vilallonga / María Eulalia Miralles Lozano / David Prats (eds.), *El cardenal Margarit i l'Europa quatrecentista. Actes del Simposi Internacional, Universitat de Girona, 14-17 de novembre de 2006*, Roma, L'Erma di Bretschneider, 153-182. Dispoñible en: <http://digital.casalini.it/4345813>
- CORNELL, T. J. (1995): «Ancient history and the antiquarian revisited. Some thoughts on reading Momigliano's Classical Foundations», en Michael H. Crawford / C. R. Ligota, *Ancient History and the Antiquarian: Essays in Memory of Arnaldo Momigliano*, Londres, The Warburg Institute, 1-15.
- DUBUIS, Michel (1985): «Érudition et piété. La réception du Traité des études monastiques de Mabillon en Espagne», en Joël Saugnieux (dir.), *Foi et Lumières dans l'Espagne du XVIII^e siècle*, Lyon, Université de Lyon, 113-165.

- DUBUIS, Michel (2004): «Usos aseglarados y reconstrucción de privilegios entre los benedictinos de la Congregación de Valladolid (siglo XVIII)», en Roberto Fernández / Jacques Soubeyroux (eds.), *Historia social y literatura. Familia y clero en España (siglos XVIII y XIX). Tercer Coloquio Internacional Acción Integrada Franco-española*, Lleida, Milenio, 107-124.
- DUBUIS, Michel (2010): «San Vicente de Salamanca, centro inicial de un “movimiento erudito” en el tránsito del siglo XVII al siglo XVIII», en Pierre Civil / Françoise Crémoux (eds.), *Nuevos caminos del hispanismo... Actas del XVI Congreso de la Asociación Internacional de Hispanistas*, Madrid / Frankfurt, Ed. Iberoamericana-Vervuert, 74-84.
- ENENKEL, Karl A. E. / Konrad Adriaan OTTENHEYM (2019): «Antiquity, a Source of Power and Prestige: the Competition for Antiquities in Early Modern Europe», en Karl A. E. Enenkel / Konrad Adriaan Ottenheim / Alexander C. Thomson, *Ambitious Antiquities, Famous Forebears: Constructions of a Glorious Past in the Early Modern Netherlands and in Europe*, Leiden, Brill, 11-18.
- ESTIENNOT, Claude (s. d.): *Hagiologion Gallicanum, ex variis martyrologiis kalendariisque manuscriptis contextum et compilatum, agens de sanctis in Galliis maxime qui olim vivere aut quorum sacrae reliquiae ad ipsas translatae contextum et compilatum, agens de sanctis in Galliis maxime qui olim vivere aut quorum sacrae reliquiae ad ipsas translatae fuerunt. Collegit asceta benedictinus congregationis sancti Mauri annis MDCLXXIII, et MDCLXXIV, LXXV et LXXVI in monasterio Sancti Petri de Casali Benedicto in tractu Chevrensi aliisque suavem sub obedientiae jugo vitam degens et in studiis venerandae antiquitatis occupatam*. Bibliothèque nationale de France. Département des manuscrits. Latin 12587. Disponible en: <https://archivesetmanuscrits.bnf.fr/ark:/12148/cc738308>
- FABRICIUS, Georg (1549): *Antiquitatis monumenta insignia ex aere, marmoribus membranisque veteribus collecta*, Basilea, per Joannem Oporinum.
- FILGUEIRA VALVERDE, José (1974): *Idea y sistema de la Historia en fray Martín Sarmiento*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra.
- FILGUEIRA VALVERDE, José (1994): *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- FILGUEIRA VALVERDE, José (1997): «Sarmiento e Galicia», en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, t. I, 21-28.
- FIGIORE, Camilla (2012): «“Parmi d’andare peregrinando dolcissimamente per quell’Etruria”. Scoperte antiquarie e natura nell’Etruria di Curzio Inghirami e Athanasius Kircher», *Storia dell’Arte*, 133, 53-81.
- FLÓREZ, Henrique (1748): *España sagrada: Theatro geographico-historico de la Iglesia de España. Tomo III. Contiene la predicacion de los apóstoles en España*, Madrid, Portería de San Phelipe el Real.
- FLÓREZ, Henrique (1757): *Medallas de las colonias, municipios y pueblos antiguos de España. Colección de las que se hallan en diversos autores, y de otras nunca publicadas: con explicación y dibujo de cada una*, Madrid, Oficina de Antonio Marín.
- FLÓREZ, Henrique (1758): *España sagrada: Theatro geographico-historico de la Iglesia de España. Tomo XIV. De las iglesias de Abila [sic], Caliabria, Coria...*, Madrid, Oficina de Antonio Marín.
- FLÓREZ, Henrique (1765): *España sagrada: Theatro geographico-historico de la Iglesia de España. Tomo XIX. Contiene el estado antiguo de la iglesia Iriense y Compostelana, hasta su primer arzobispo*, Madrid, Oficina de Antonio Marín.

- FROMENTIN, V. (2002): *Denys d'Halicarnasse. Antiquités romaines. Tome I: Introduction générale. Livre I: Texte établi et traduit par V. Fromentin*, París, Les Belles Lettres.
- GARCÍA RUIPÉREZ M. / J. C. GALENDE DÍAZ (2003). «El concepto de documento desde una perspectiva interdisciplinar: de la diplomática a la archivística», *Revista General de Información y Documentación*, 13:2, 7-35.
- GESTA Y LECETA, Manuel (1888): *Índice de una colección manuscrita de obras del Rmo. Padre Fr. Martín Sarmiento, benedictino, seguido de varias noticias bio-bibliográficas del mismo*, Madrid, Viuda e Hija de Gómez Fuentenebro.
- GODOY ALCÁNTARA, J. (1868): *Historia crítica de los falsos cronicones*, Madrid, Imprenta y estereotipia de M. Rivadeneyra.
- GORI, Antonio Francesco / Franciscus VALESIVS / Rodulphinus VENUTI (1750): *Museum Cortonense, in quo vetera monumenta complectuntur, anaglypha, thoreumata, gemmae insculptae insculptaeque, quae in Academia etrusca ceterisque... domibus adservantur, in plurimis tabulis aereis distributum, atque a Francisco Valesio,...* Antonio Francisco Goro, ... et Rodulphino Venuti, ... notis illustratum, Romae, Sumptibus F. Amidei.
- HERKLOTZ, Ingo (2007): «Arnaldo Momigliano's 'Ancient History and the Antiquarian': A Critical Review», en P. N. Miller, *Momigliano and Antiquarianism. Foundations of the Modern Cultural Sciences*, Toronto, University of Toronto Press, 127-153.
- HIATT, Alfred (2009): «Diplomatic Arts: Hickeys against Mabillon in the Republic of Letters», *Journal of the History of Ideas*, 70:3, 351-373.
- JOHN, R. T. (1994): *Fictive ancient history and national consciousness in early modern Europe: the influence of Anniius of Viterbo's 'Antiquitates'*. [Tese de doutoramento]. Londres, University of London. Disponible en: <http://ethos.bl.uk/OrderDetails.do?uin=uk.bl.ethos.343420>
- MABILLON, Jean (1709²): *Liber de re diplomática VI. Editio secunda ab ipso auctore recognita, emendata et aucta*, París, Sumptibus Caroli Robustel, typis Jacobi Vincent.
- MAISO GONZÁLEZ, J. (1993): «La difícil penetración de la erudición crítica en la España del siglo XVIII», en F. M. Gimeno Blay (ed.), *Erudición y discurso histórico: Las instituciones europeas (s. XVIII-XIX)*, Valencia, Seminari Internacional d'Estudis sobre la Cultura Escrita, 179-191.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2004): «Unha biobibliografía do Padre Martín Sarmiento (1695-1772)», en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. III, 385-399.
- MAYÁNS Y SISCAR, Gregorio (1972): *Epistolario*. [Ed. Antonio Mestre]. Oliva, Ayuntamiento de Oliva.
- MAZZOCCO, Angelo (2015): «A reconsideration of Renaissance antiquarianism in light of Biondo Flavio's *Ars antiquaria*. With an unpublished letter from Paul Oskar Kristeller (1905-1999)», *MAAR*, 59/60, 121-159.
- MECOLAETA, Diego (1724): *Desagravios de la verdad en la historia de san Millán de la Cogolla*, Madrid, Imprenta de Lorenzo Francisco Mojados.
- MECOLAETA, Diego (1728): *Ferreras contra Ferreras, y cuña del mismo palo*, Madrid, Imprenta Real.
- MESTRE, Antonio (1986): «Historia crítica y reformismo en la ilustración española», en Armando Alberola-Romá / Emilio La Parra López (coords.), *La Ilustración española. Actas del Coloquio Internacional celebrado en Alicante, 1-4 octubre 1985*, Alicante, Diputación Provincial de Alicante / Instituto Alicantino de Cultura Juan Gil-Albert, 111-132. Reed. MESTRE, Antonio (1987): «Concordia y discordia cultural hispano-europea - Historia crítica y reformismo en la ilustración española», en *Influjo europeo y herencia hispánica. Mayáns y la ilustración valenciana*, Oliva, Ayuntamiento de Oliva, 323-350.

- MILLER, P. N. (2012). «Writing Antiquarianism: Prolegomenon to a History», en P. N. Miller / F. Louis (eds.), *Antiquarianism and Intellectual Life in Europe and China, 1500-1800*, Ann Arbor (MI), Ann Arbor University Press, 27-57.
- MOMIGLIANO, Arnaldo (1950): «Ancient history and the antiquarian», *Journal of the Warburg and Courtauld Institutes*, 13:3/4, 285-315.
- MOMIGLIANO, Arnaldo (1984): «Storia antica e antiquaria», en *Sui fundamenti della storia antica*, Turín, Einaudi, 5-45.
- MONTEAGUDO, Henrique (2022): «*Obra de 660 pliegos*. Una empresa colosal», en M. Sarmiento, *Obra de 660 pliegos. De historia natural y de todo género de erudición*, vol. I. [Edición de Henrique Monteagudo]. Santiago de Compostela / Madrid, Consello da Cultura Galega / Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 13-41.
- MONTEAGUDO, Henrique / Silvia VISO (2009): «Índice das obras de Frei Martín Sarmiento na Colección Medina Sidonia», *Boletín da Real Academia Galega*, 370, 179-229.
- MORAL, T. (1973): «Mecolaeta, Diego», en Q. Aldea Vaquero / T. Marín Martínez / J. Vives Gatell (dirs.), *Diccionario de Historia Eclesiástica de España*, vol. III, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas / Instituto Antonio Flórez, 1453.
- MORALES, Ambrosio de (1574): *Opera studio et diligentia... Petri Poncii Leonis a Corduba... Eiusdem sanctissimi martyris vita / par Aluarum Cordubensem scripta; cum aliis nonnullis Sanctorum martyrum Cordubensium monumentis; omnia Ambrosii Moralis Cordubensis... illustrata, eiusque cura et diligentia excussa; operum catalogus SEQUITUR post praefationes*, Compluti, Ioannes Iñiguez a Lequerica excudebat.
- MORALES, Ambrosio de (1575): *Las antigüedades de las Ciudades de España que van nombradas en la Coronica: con la aueriguacion de sus sitios y no[m]bres antiguos / que escreuia Ambrosio de Morales...; con vn discurso general, donde se enseña todo lo que a estas auerigaciones pertenece, para bien hazerlas y entender las antigüedades; con otras cosas, cuya summa va puesta luego a la quarta hoja*, Alcalá de Henares, Casa de Iuan Iñiguez de Lequerica (colofón 1577).
- ORTIZ REAL, J. (2001): *Diplomática castellana del siglo XVII: de práctica forense disciplina científica*. [Tese de doutoramento]. Burgos, Universidad de Burgos.
- ORTIZ REAL, J. (2002): «Sobre los orígenes de la Diplomática en España», *SIGNO. Revista de Historia de la Cultura Escrita*, 9, 125-138.
- PARRY, Graham (1995): *The Trophies of Time. English Antiquarians of the Seventeenth Century*, Oxford, Oxford University Press.
- PENSADO, José Luis (1972¹ [1995²]): *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- PEREIRA, Fernando (2002): «Frei Martín Sarmiento, anticuario», *Boletín da Real Academia Galega*, 363, 141-166.
- PÉREZ DE ROZAS, José (1688): *Dissertationes ecclesiasticae in quibus pleraque ad historiam ecclesiasticam, & politicam Hispaniae, remque diplomaticam spectantia accurate discussiuntur auctore PM Fr. Iosepho Perezio benedictino... opus rei antiquariae studiosis had sane inutile*, Salmanticae, apud Lucam.
- PÉREZ DE URBEL, J. (1967): *Varones insignes de la Congregación de Valladolid*, Pontevedra, Museo Provincial de Pontevedra.
- REMESAL RODRÍGUEZ, J. / A. AGUILERA / L. PONS (2000): *Comisión de Antigüedades de la Real Academia de la Historia. Cataluña: Catálogo e Índices*, Madrid, Real Academia de la Historia.

- ROSINUS, J. (1583): *Romanarum antiquitatum libri decem. Ex variis scriptoribus summa fide singularique diligentia collecti*, Basileae, Ex Officina Haeredum Petri Pernaie (Per Conradum Waldkirch).
- ROWLAND, Ingrid D. (2004): *The scarith of Scornello: a tale of Renaissance forgery*, Chicago, University of Chicago Press.
- SAN JUAN, Fray Rafael de (1686): *De la redención de cautivos de la Orden de la Santísima Trinidad*, Madrid, Antonio González de Reyes.
- SANTOS PUERTO, José (1997): «Paradero y descripción de la Colección Medina Sidonia», en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, t. I, 399-422.
- SANTOS PUERTO, José (2002a). «Carta de Martín Sarmiento al general de la orden, Anselmo Mariño», *Historia de la Educación*, 21, 263-286.
- SANTOS PUERTO, José (2002b): *Martín Sarmiento: Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII*, I, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SANTOS PUERTO, José (2002c): «Una bio-bibliografía actualizada de Martín Sarmiento. *Catálogo de los pliegos (...) sobre diferentes asuntos*», *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 6, 69-95.
- SARACINO, P. E. (2019): «El proyecto historiográfico de Lorenzo de Padilla, arcedian de Ronda: Crónica y Antigüedades», *Letras*, 1:77, 163-174.
- SARACINO, P. E. (2020): «Primera parte de la Historia y Antigüedades de España de Lorenzo de Padilla según la versión de BNE MSS/2775 (Libro primero)», *Lemir*, 24, 809-952.
- SARMIENTO, Martín (s. d.): *Noticia de un Extracto de el Libro Bezzerro de Zelanoba*, Colección Medina Sidonia, t. VIII.
- SARMIENTO, Martín (1758): *Apuntamientos para un discurso apologetico sobre etymologias, y methodo para aplicar los elementos etymologicos al onomástico de la lengua gallega*, Colección Medina Sidonia, t. IV.
- SARMIENTO, Martín (1775): *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, Madrid, Imprenta de D. Joachin Ibarra.
- SARMIENTO, Martín (1995): *Epistolario*. [Disposto por Xosé Filgueira Valverde e M.^a Xesús Fortes Alén]. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- SARMIENTO, Martín (2002): *Reflexiones literarias para una Biblioteca Real*. [Edición e estudo de José Santos Puerto]. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- SARMIENTO, Martín (2008): *Obra de 660 pliegos. De historia natural y de todo género de erudición*, vol. IV. [Edición de Henrique Monteagudo]. Santiago de Compostela / Madrid, Consello da Cultura Galega / Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- SARMIENTO, Martín (2013): *Notas al Privilegio concedido por Ordoño II al Monasterio de Samos. Reflexiones sobre archivos y archiveros*. [Edición de José Santos Puerto]. La Laguna, Universidad de La Laguna, Museo de la Educación.
- SARMIENTO, Martín (2022): *Obra de 660 pliegos. De historia natural y de todo género de erudición*, vol. I. [Edición de Henrique Monteagudo]. Santiago de Compostela / Madrid, Consello da Cultura Galega / Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- SARMIENTO, Martín (2022): *Obra de 660 pliegos. De historia natural y de todo género de erudición*, vol. V. [Edición de Henrique Monteagudo]. Santiago de Compostela / Madrid, Consello da Cultura Galega / Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

- SERRANO CUETO, Antonio (1998): «Ambrosii Moralis De Cordybae Vrbis Origine, sitv et antiqvitare (Compluti 1574)», *Humanistica Lovaniensia*, 47, 143-169.
- SETZ, Wolfram (1975): *Lorenzo Vallas Schrift gegen die konstantinische Schenkung. Zur Interpretation und Wirkungsgeschichte = De falso credita et ementita Constantini donatione. Zur Interpretation und Wirkungsgeschichte* (Dissertation Universität Tübingen 1971, 197), Bibliothek des deutschen historischen Instituts in Rom 44, Tübingen, Niemeyer Verlag.
- SYME, Ronald (1991): «Fictional History Old and New: Hadrian», en *Roman Papers VI*, Oxford, Clarendon Press, 157-181.
- TATE, Robert Brian (1954): «Mythology in Spanish Historiography of the Middle Ages and the Renaissance», *Hispanic Review*, 22:1, 1-18.
- TATE, Robert Brian (1989): «Alfonso de Palencia and his *Antigüedades de España*», en Alan Deyermond / Ian Macpherson, *The Age of the Catholic Monarchs, 1474-1516. Literary studies in memory of Keith Whinnom*, Liverpool, Liverpool University Press, 183-196.
- TORRES, Casimiro (1972): «El P. Sarmiento como archivero y diplomático», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVII, 104-112.
- VARELA OROL, Concepción (2011): «Martín Sarmiento y las Bibliotecas de la Congregación Benedictina de Valladolid», *Hispania*, 237, 121-152.
- VERDIN, H. (1974): «La fonction de l'histoire selon Denys d'Halicarnasse», *Ancient Society*, 5, 289-307.
- VIDIER, A. (1908): «Un ami de Mabillon, dom Claude Estiennot», en *Mélanges et documents publiés à l'occasion du 2^e centenaire de la mort de Mabillon*, París / Ligugé, Librairie Veuve Poussielgue / Abbaye de Saint-Martin, 281-312.
- ZARAGOZA PASCUAL, Ernesto (1982): *Los Generales de la Congregación de San Benito de Valladolid. Volumen IV (1613-1701)*, Burgos, Aldecoa.
- ZARAGOZA PASCUAL, Ernesto (1984): *Los Generales de la Congregación de San Benito de Valladolid. Volumen V (1701-1801)*, Burgos, Aldecoa.
- ZARAGOZA PASCUAL, Ernesto (1992): «Cronistas generales de la Congregación de San Benito de Valladolid», *Boletín de la Real Academia de la Historia*, CLXXXIX:1, 89-126.
- ZARAGOZA PASCUAL, Ernesto (1995): «Iguín, Bernabé», en R. Aubert (dir.), *Dictionnaire d'Histoire et de Géographie Ecclesiastiques*, París, Letouzey et Ané, vol. XXV, cols. 756-757.